

LA VIDA Y NADA MÁS

[Antonio Méndez Esparza, 2017]

309

ESTREA EN NUMAX: 01.12.2017 | V.O.S.E. | +12

Life & Nothing More (2017, 110')

Dirección: Antonio Méndez Esparza

Guión: Antonio Méndez Esparza

Elenco: Andrew Bleechington, Regina Williams, Robert Williams, Ry'nesia Chambers

Son: Luís Argüelles

Montaxe: Santiago Oviedo

Fotografía: Barbu Balasoiu

Vestuario: Ellie Rankeillor

Dirección de arte: Claudia González Carbonell

Produtoras: Aquí y Allí Films (España)

Distribuidora: Wanda Visión

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Aquí y allá, 2012

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2017 (Sección oficial, Premio FIPRESCI, Premio SIGNIS), Montreal 2017 (Mellor filme Sección Panorama), Abycine 2017 (Mellor filme), Spirit Award 2017 (Nomeado ao Premio John Cassavetes e á mellor actriz)

SINOPSE

Andrew, un adolescente afroamericano, procura atopar o seu sitio na Norteamérica actual. Coa súa nai, Regina, quen á súa vez desexa encontrar algo máis na súa vida que ocuparse dos seus fillos, Andrew verase forzado a sufrir a presión das responsabilidades familiares. Ademais, a súa busca por comunicarse co seu ausente pai levarao a tomar un perigoso camiño.

«Méndez Esparza narra de xeito moi especial, cun dominio fabuloso da elipse, unha sutileza maiúscula e unha fe absoluta na montaxe»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



“Fago filmes para entender realidades diferentes á miña”

Nota de intencións do director

Antonio Méndez Esparza

En 1952, Cesare Zavattini, pai do neorrealismo e quizais o seu guionista máis relevante con películas como *Ladrón de Bicicletas* (Vittorio De Sica, 1948) ou *Roma, Ciudad Abierta* (Roberto Rossellini, 1945), expresou algunhas ideas sobre o cinema:

«A máis importante característica e innovación é o que se chama neorrealismo. Para min, terme dado de conta de que a necesidade dunha historia era só unha inconsciente maneira de disfrazar a derrota humana, e ese tipo de imaxinación era unha simple técnica para autoimpoñerse fórmulas oxidadas sobre feitos da vida cotiá. Agora percíbese que a realidade é enormemente rica, e que a tarefa do artista non é facer que a xente se mova ou se indigne en situacións metafóricas, senón reflectir estas situacións (movéndote e indignándote) naquilo que os demais están a facer, no real, exactamente en como eles son.»

Neste filme, cuxos papeis principais están interpretados por actores non

profesionais, tentamos seguir os principios que relatei anteriormente e darlle voz a persoas en circunstancias desesperadas. Esta é unha filosofía que empreguei no meu anterior filme *Aquí y Allá* (2012), e que estou disposto a explorar de novo. A súa soa aparición na pantalla é un acto de resistencia política. Eles berran, ou choran con cada acción e o espectador víveo como se estivese alí.

Ademais, o guión está inspirado nun gran número de entrevistas e conversas con individuos similares a aqueles que aparecen retratados no filme. Adicionalmente, mantivéronse conversas continuas con xuíces locais, avogados de oficio, conselleiros educativos, así como persoas clave pertencentes ao sistema legal. A pesar de ser ficción, a película ten moito de real grazas ás historias que representa.

Os teimudos temas familiares, a raza e o sistema legal son algúns dos problemas que se vertebran a través da experiencia dos personaxes. A historia ten lugar no condado de Leon, Florida. É un pristino emprazamento que inclúe un campus universitario, así como a taxa máis alta de criminalidade per cápita en todo o estado. Un lugar onde sempre, por todas partes, se percibe a desigualdade. Aínda así, o obxectivo do filme non é o simple feito de xulgar. Vemos a través da historia de Regina e a súa familia unha realidade onde as accións dos personaxes se cadra serán vistas como irracionais ou incomprensíbeis, unhas accións que de igual modo van dirixidas cara a un sistema inflexíbel e implacábel.

Para que o filme vise a luz fixeron falta dous anos. E a metade dese tempo pasámolo a escoller os actores máis axeitados para os papeis. O guión foi meramente unha guía. Todo partiu da produción, o proceso de montaxe e tamén a reescritura. No canto dunha aproximación máis compartimentada onde a rodaxe, a edición e mesmo a escrita se realizan en escenarios diferentes, un filme desta natureza precisa dun proceso constante de conversa entre as diferentes partes. Cada un debe moverse ao unísono como se fôsemos un, se cadra sempre debера ser así, co propósito de atopar a historia durante a súa creación.

Durante a rodaxe presenciamos o resultado das eleccións e sentiamos o mesmo arrepío xeadado que sentíu o país enteiro. Rodamos no Mango de Florida, área que se converteu en clave para a vitoria de Donald Trump nese estado. O filme cambiou as nosas vidas e a nosa maneira de enxergar o mundo que nos rodea. Foi unha emotiva e gratificante viaxe. Agardamos que mude a perspectiva da xente tanto como mudou a nosa. Fago filmes para entender realidades diferentes á miña. Son un estraño aquí nos Estados Unidos e un estraño no mundo dos personaxes do filme. Eu guío os actores e eles tamén me guían a min. E podo dicir que é un privilexio poder ser testemuña disto.

Publicado en www.wandafilms.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónате
e ven sempre
por**
4,5€

**Faite
NUMAX!**